

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 3 prazas de oficial protección civil (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de persoal laboral fixo no posto de Oficial Protección Civil incluídas na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000055 – OFICIAL PROTECCIÓN CIVIL

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1884/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de persoal laboral fixo no posto de Oficial Protección Civil incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación da mesma no BOP de A Coruña núm. 138 do 20/07/2023. Establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP. Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

Rematado o prazo de presentación de emendas, por Resolución da Alcaldía núm. 259/2024, do 01/02/2024, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de persoal laboral fixo no posto de Oficial Protección Civil incluídas na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta (Admisión de aspirantes) e na base Quinta (Tribunais Cualificadores) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de tres (3) prazas de persoal laboral fixo no posto de **Oficial Protección Civil** (Grupo IV) incluídas na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	ANDRADE COUTO	JUAN MANUEL	***5484**	-	SI
2	FRAGA SERRANO	GUSTAVO	***2002**	-	SI
3	GARCIA ALONSO	JUAN CARLOS	***6532**	-	SI
4	MATO ANIDO	FRANCISCO MANUEL	***3470**	-	SI
5	ORDÓÑEZ POSE	MARTIN	***3142**	-	SI
6	PEREZ INSUA	ANDER	**8831**	-	SI

Excluídos/as:

Non hai excluídos.

Segundo.- Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta:

Titular: D^a. **María Eugenia López Balbís**
Administrativa do Concello de Carballo

Suplente: D^a. **Patricia Añón Vázquez**
Administrativa do Concello de Carballo

Vogal 1:

Titular: D. **Juan Manuel Sánchez Corral**
Coordinador de Obras e Servizos do Concello de Boqueixón

Suplente: D. **Pedro José Cancela González**
Xefe Accidental da Policía Local do Concello de Carballo

Vogal 2:

Titular: D. **Ramón Pérez Barrientos**
Coordinador de Protección Civil, Seguridade e Obras do Concello de Muxía

Suplente: D. **José Luis Caamaño Domínguez**
Oficial da Policía Local do Concello de Carballo

Vogal 3:

Titular: D. **Ramón Díaz Martínez**
Axente Facultativo Medioambiental da Concellería do Medio Rural da Xunta de Galicia

Suplente: D. **Juan Fermín Insua Bello**
Axente Facultativo Medioambiental da Concellería do Medio Rural da Xunta de Galicia

Secretaria:

Titular: D^a. **Ana María Prieto Martínez**
Vice-Interventora do Concello de Carballo

Suplente: D^a. **María Irache Enríquez Albaina**
Interventora do Concello de Carballo

Terceiro.- Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a **sesión constitutiva e de baremación de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **venres 9 de febreiro do 2024 ás 11.00 horas** na Sala de Xuntas sita na 2ª planta da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

Quinto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e na páxina web municipal (www.carballo.gal).

En Carballo, 2 de febreiro de 2024

V. e Pr.,

A primeira Tenente de Alcalde

María Belén Lendoiro Esmorís

(PD: Decreto 2/2024, de 2 de xaneiro)

2024/784